

Convocatoria mobilidade formación práctica de alumnado. Universidade de Pristina (Kosovo)

1. Viaxe e aloxamento.

Inicialmente viaxei a Londres dende Santiago, para conectar con Estambul e finalmente aterrizar en Pristina.

Pasei unha noite en Londres, pois non quería pasar case 17 horas de viaxe continuado, que era a opción máis rápida nas datas que tiña coa ruta que collín. Alí visitei varios museos no día e medio que tiven na cidade e a noite seguinte dirixíme ao aeroporto de Stansted para coller o voo a Estambul. Cheguei ás 6 da mañá desa zona horaria e esperei algo menos de dúas horas para subir ao seguinte avión, este último a Pristina por fin.

Unha vez en Kosovo, o profesor Blerim Gjinovci recolleume no aeroporto e deixoume no Airbnb que os meus compañeiros alquilaran, pois non podíamos entrar aos dormitorios de estudantes ata o día 4, para poder descansar un par de horas antes da nosa primeira reunión. O Airbnb estaba moi ben, con aire acondicionado e habitacións para cada un de nós, dous baños e un salón e cociña completamente equipados.



O día 4 de xullo trasladámonos á residencia de estudantes tamén coa axuda do profesor Blerim, que nos levou as maletas no coche. As instalacións da residencia non estaban en moi boas condicións, había baldosas do chan do baño rotas e soltas, o cadro das chaves da auga estaba exposto constantemente pois a tapa está rota, por non comentar que non tivemos auga quente ata o mediodía do domingo 6 de xullo, cando xa levabamos 2 días instalados. As sábanas parecían de papel e eran máis pequenas que as medidas da cama, por non falar de que a miña cama era unha litera desmontada e as puntas estaban cubertas por uns tacos de madeira sen amarre ningún que se saíron máis dunha vez deixando exposta a barra metálica. Por sacar un punto positivo, cada habitación tiña a súa pequena nevera na que podíamos gardar algo de comida e enfriar a auga.

A residencia carece de lavandería polo que tivemos que desprazarnos á outra punta da cidade para lavala roupa na única lavandería de autoservizo.

O comedor tiña horarios incompatibles coas actividades e ademáis eran cambiantes durante o fin de semana, polo que tivemos que comer fora máis veces que no comedor.

O 14 de xullo comezamos a gravación dos exteriores naturais para a curta na que colaboramos e as mulleres aloxámonos nun piso a uns 30 minutos da localización proporcionado pola familia do produtor. Era un edificio de nova obra e moi ben equipado onde poidemos descansar.

Ademáis de que sempre se preocuparon de cubrir a maioría das nosas necesidades, inda que é certo que as xornadas de gravación eran bastante caóticas e estabamos bastante privados de sono.

O último día, 19 de xullo, o profesor Blerim levounos ao aeroporto e alí nos despedimos del e de algúns dos compañeiros da curta.

2. Adaptación ao país de destino. Usos e costumes.

Chegar a Kosovo foi como abrir unha ventá a un mundo novo. Ao principio, todo me resultaba alleo: a lingua, o ritmo da vida, a comida, a relixión. Pero pouco a pouco fun descubrindo que, malia as diferenzas, hai moito que nos une.

Aquí, a xente é moi acollidora. Sempre teñen tempo para un café (ese kafë que parece durar horas) e conversas que van máis alá do superficial. Iso fíxome lembrar os faladoiros galegos nos bares ou á porta da casa, onde se mesturan historias, política e humor.



Os costumes son diferentes, claro. O papel da familia é moi forte, e hai un respecto profundo pola tradición e pola relixión. Ao principio, custome adaptarme aos horarios —moito máis caóticos e cambiantes— e á maneira de vestir nalgunhas zonas máis conservadoras. Pero aprendín a moverme con respecto, observando e preguntando sen medo a meter a pata coas persoas correctas.

A comida sorprendeume, tivemos moitas oportunidades de probar comida tradicional de calidade e de vivir a experiencia de sentar a unha mesa chea de xente e costumes distintos, pero co corazón posto no mesmo sitio. Crear arte.



Como adición, tiven a oportunidade de traballar con equipo profesional de calidade. Luces, cámara, obxectivos, etc. Todo isto cumpría os requirimentos para presentar calquera peza gravada aos Premios Oscar se así se quixera, vendo no resultado un produto motivador e profesional.



3. Pode mellorarse... Estivo ben...

Pode mellorarse exponencialmente a organización, horarios e condicións de traballo. Tanto por parte dos organismos oficiais, coma o alumnado.

Os horarios cambiantes da organización de PISU: que un día din unha hora, ó día seguinte é outra, noutro intre cambian de localización, etc. E todo isto sen case previo aviso, ás veces avisándonos incluso despois do comezo de algunha actividade.

Como estudante de produción sentínme bastante zarandeada e estresada por esta situación, pois a nós ensínannos a ser consecuentes, puntuais e profesionais e é algo que non sentín en ningún momento, levándome á frustración sobretodo cando pediamos explicacións e non se nos daba ningunha.

Por parte do alumnado co que fixemos a curta, tivemos grandes problemas coas ordes de traballo e a organización. A pesar de que non o comunicamos ata rematar por non crear mal ambiente, as horas de traballo serían impensables na nosa terra e ninguén accedería a traballar nesas condicións. Faciamos xornadas de 16 horas, aproximadamente, entre as cales tiñamos entre 2 e 4 horas para durmir. Por non falar de que as ordes de traballo viñan mal a maioría das veces e sufrían cambios constantes por mala planificación. Debo dicir que sou consciente de que a persoa encargada de mandalas non era necesariamente a responsable desas xornadas laborais esgotadoras, nin da decisión do director de repetir o mesmo plano 16 veces (a pesar de xa ter varias tomas boas), que nos facía ter que mover o resto da gravación. Gustaríame ser completamente honesta e dicir que a falta de profesionalidade e de, increíblemente, presenza do director deixou a todo o equipo frustrado e collendo máis traballo

do que deberían. Pois chegou a un punto que falar con el era como falarlle a un ser carente de vida, inconsciente. Non estaba para responder as preguntas de ninguén e andaba a cambiar os plans constantemente sen consultar a ninguén. Todos estabamos traballando durante horas de amencer á posta do sol, todos estabamos cansados, e aínda así, estabamos alí para crear a súa visión. O non pensar no equipo en abosulto pareceume unha grandísima falta de consideración e empatía pola súa parte, por non incidir de novo nunha falta de profesionalidade.

Así como teño moitas queixas para sucesos e persoas concretas, tamén teño moitas opinións positivas de todos os profesores. Os que coñecemos máis persoalmente e cos que só tivemos algunha clase. Todos eles son grandes instructores do que fan e transmiten esa motivación e ganas de crear dunha forma apaixonada e profesional. O profesor Blerim foi un grande descubrimento. Sempre preocupándose por que estivésemos a gusto e intentando romper a barreira cultural e do idioma para versarnos nas súas costumes.



Falando dos alumnos cos que gravamos a curta, a grandísima maioría deles son xa profesionais impresionantes e con interiores preciosos cos que creei vínculos que trascenderán esta experiencia. Por destacar a algúns; Kejt, a directora de fotografía, é unha artista increíble, profesional e ten un corazón feroz e doce que fai traballar con ela unha experiencia enriquecedora e formativa. E Agon, o produtor, é un home xeneroso e cunha gran paixón pola

industria, na que leva traballando moitos anos. Traballar con eles, entre outros, foi unha experiencia que me levo comigo para sempre.



4. Proposta de futuras actividades para alumnado e profesorado.

Esta vivencia recoméndolla a todo alumno ao que se lle presente a oportunidade. Pois, coas súas luces e sombras, foi non sé didáctica, se non divertida, valiosa, inspiradora, humana e inesquecible.

Lévome xente no corazón que nunca imaxinei, unha nova visión do mundo en xeral e, en concreto, do audiovisual.

Este Erasmus+ foi todo o que esperaba e máis e penso que sería bo poder experimentar Pristina incluso durante máis tempo, ter a oportunidade de facer máis proxectos e coñecer máis xente da industria. Penso que, para min, e para todos os alumnos sería positivo poder traballar e seguir facéndoo con xente de fora, desta forma e de outras.

Asdo:

María Caamaño Vázquez

En A Coruña, a 01 de agosto de 2025.